



PLAN DIXITAL

[CEIP DE OÍMBRA]

[Versión 1.0_xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1. Datos básicos do centro

O noso centro denomínase “Ceip de Oímbra” e está ubicado no concello de Oímbra na Rúa Grupo Escolar nº 16.C.P:32613. A nosa páxina web é: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoimbra/> e noso blogue de biblioteca <http://leolin-oimbra.blogspot.com/>

O número de alumnos é variable por curso académico e por aula.

Actualmente temos 65 alumnos cunha distribución de 20 alumnos de E.I e 45 en E.P distribuídos nos tres ciclos de que consta.

Actualmente contamos con catro unidades, unha de infantil máis tres de primaria, e cos seguintes postos de traballo:

Ed. Inf	Ed. Pri	FI	EM	EF	DO	TOTAL
2	2	1	1	1	1	8

Ademais contamos cun mestre AL/PT os 7 días da semana afín a primaria e de Relixión compartido que está dous días e que neste curso deixamos de ser o centro base.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.*

O noso Centro está situado nunha zona eminentemente rural, no Sureste da provincia de Ourense, está enclavado no Concello de Oímbra con dúas zonas ben diferenciadas: o val e a montaña.

No val atopamos catro pobos: Oímbra, capital do Concello (onde está ubicado o edificio escolar), O Rosal, San Cibrao e Rabal.

A zona de montaña ten as seis localidades restantes do Concello: Videferre, Espiño, Bousés, Casas dos Montes, A Granxa e As Chas.

Cun nivel económico baixo (nos últimos anos, coas pensións de xubilación, viuvez, desemprego e a substitución do traballo do campo, que a penas aportan beneficios e polo traballo asalariado en construción, fundamentalmente, tense elevado algo o nivel das familias) é unha zona de emigración (Suíza, Alemaña,..., Cataluña, País Vasco, Canarias..., Ourense, Verín...) que conleva á despoboación das aldeas, existindo de sempre unha grande diferenza no grao de benestar entre o val e a montaña, aínda que hai unha tendencia crecente a equilibrar o nivel.

O nivel sociocultural podémolo considerar tamén medio-baixo. A xente que vai acadando uns estudos mínimos (graduado escolar, titulacións medias, etc.) marcha da zona, buscando outros lugares onde as perspectivas de saír adiante sexan máis reais. Van quedando, normalmente, os maiores e a xente que non logrou acadar uns estudos mínimos. En canto á emigración, nos últimos anos practicamente desapareceu. Hoxe en día o traballo búscase no propio entorno comarcal.

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

A contribución do PD ó PE debemos velo dende a perspectiva de cómo pode reforzar este plan o uso axeitado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa. E sempre tendo en conta que a competencia dixital é unha das competencias clave nas que é necesario traballar co alumnado ó longo do seu paso por educación infantil e primaria.

Dito isto debemos ter en conta que o PE do Ceip de Oímbra indica dentro da súa identidade uns compromisos coa educación:

Progresista: que mira hacia o futuro, o cal é imposible sen as novas tecnoloxías, os futuros cidadáns están inmersos nunha sociedade na que a importancia de ser capaz de seleccionar a información, sendo crítico con ela, se converte nun punto vital.

Integradora e Igualitaria: a brecha tecnolóxica sempre foi un problema para o logro desta integración, para a igualdade do alumnado, que se viu agravada coa pandemia.

Plural: fálanos do dereito á liberdade de pensamento, ideas ou opinións, do dereito á igualdade, e todo isto nos medios de comunicación virtuais cobra especial importancia na actualidade.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

Dentro da PXA vemos obxectivos directamente afectados pola dixitalización, tanto do centro coma da sociedade:

- . Promover nos centros un clima de convivencia positivo, fomentando a igualdade entre sexos, o respecto as diferencias entre iguais e a prevención da violencia de xénero e do acoso escolar. O plan de dixitalización fará o seu obxectivo, pero concretándoo no mundo virtual.
- . Desenrolo da competencia dixital do alumnado e do profesorado: un obxectivo para que o plan de dixitalización se volva imprescindible.
- . Promover as relacións e establecer canles de comunicación fluídas coas familias, a ANPA e coas institucións e organismos próximos creando un clima de convivencia positivo. As canles deben ser presenciais preferentemente, pero as canles dixitais amosáronse imprescindibles nestes tempos de confinamento, debendo seguir sendo canles que se utilicen pola súa efectividade en todas as situacións.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relativa ó Plan Dixital de centro é a seguinte:

- *Art. 111 bis da LOE:*
 1. *O Ministerio de Educación e Formación Profesional establecerá os estándares que garanten a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema Educativo, de acceso electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos.*
 2. *Os entornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes facilitarán a aplicación de plans educativos específicos diseñados polos docentes para a consecución dos obxectivos concretos do currículo.*
 3. *O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e entornos virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos dixitais públicos.*
 4. *O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnoloxías de acceso a toda a comunidade educativa.*
 5. *As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado para levar a cabo as tarefas de ensino aprendizaxe.*
 6. *O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenrolo dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.*
 7. *As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes ós recursos dixitais precisos.*

Art. 121:

- 1. O proxecto educativo de centro recollerá asimismo a estratexia dixital do centro, dacordo co establecido no artigo 111 bis.*

Art.132:

Son competencias do director ou directora:

- Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo de centro.*
- Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.*
-

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios, obxectivos e referentes que a continuación se indican.

1. Principios:

- A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

2. Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

3. Referentes:

- a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.
- b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

O equipo de Dinamización do Plan Dixital do Ceip de Oímbra está constituído pola coordinadora, que é a directora como único membro do equipo directivo, e formado por os restantes mestres do claustro. Para a elaboración do PD seguíronse os seguintes pasos:

Primeiramente facemos unha avaliación inicial da situación dixital do centro a través do cuestionario SELFIE, tanto para o equipo directivo, mestres, coma tamén ó alumnado. A cal foi concluída no mes de decembro.

No mes de febreiro os mestres fixemos o test CDD.

A partir de marzo procedemos a recompilación de datos e reflexión sobre os mesmos e emitimos o informe DAFO.

No mes de maio definimos os obxectivos e accións a seguir, plasmándoas no Plan de Acción.

E por último no mes de xuño redactaremos este Plan Dixital de centro de cara a súa consecución para o vindeiro curso 2022/2023.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

Medios dispoñibles e a súa organización.

Este colexio dispón dunha aula de informática, ademáis das dotacións audiovisuais no resto de aulas nas que se dan clases.

Dispomos dun novo sistema WIFI no centro con puntos de acceso en todos os espazos de mesmo. Poden acceder con calquera dispositivo utilizando o usuario e contrasinal da Xunta de Galicia. Dispónse así mesmo dun Modem ADSL que permite o acceso a Internet simultáneo de todos os equipos da rede. A capacidade da liña é de 3 Mb, é gratuíta e proporcionada pola Consellería de Educación de la Xunta de Galicia. Á súa vez dispónse de catro ordenadores portátiles e seis canóns dixitais, un mercado no recente curso.

O inventario de material dispoñible na sala de informática e audiovisuais detállase a continuación:

Material de Informática, audiovisuais e clases					
Ordenadores					
Nº	Fabricante	Procesador	RAM (MB)	HD (GB)	Otros
5	Xenérico i3-2120		4	500	Combo lect.+grab.
3	COFIMAN SERIE C FM	PENTIUM IV	512	20	Lector CD ROM
1	COMPAT TM	PENTIUM IV	256	20	Lector DVD
1	APD	PENTIUM IV	512	40	Lector DVD
1	Dell optipex 740				Combo lect.+grab.
3	Beep	Intel core	4		Combo lect.+grab.
1	Beep	i3	4	500	Combo lect.+grab.
2	TAY 692	PENTIUM IV	512		Lector CD ROM
1	Portátil Lenovo	Intel core duo, 2 GHz	2 G	110	Combo lect.+grab.
2	Portátil Dell	Intel core duo			Combo lect.+grab.
1	Portátil Toshiba				Combo lect.+grab.

1	Portátil Compag Pres.	AMD, 1,30 GHz	2 G		Combo lect.+grab.
1	Lenovo	2.4 GHz	4 GB	500	Lector dvd
3	Portátil travelmate spin b3. Programa educa en digital. Unión Europea.				
Impresoras					
Nº	Fabricante	Modelo	Características		
2	LEXMARK	E 350	Impresora Láser B y N		
1	HP laser jet	CP 1215	Impresora Láser Color		
1	Brother multifunción		Impresora Láser B y N		
Otros periféricos					
Nº	Material	Modelo	Características		
1	Modem ADSL				
2	Switch		24 puertos. 10/100 Mbps		
1	Scaner de sobremesa	Epson			
1	Televisor				
2	Disco duro portátil		320 gigas		
7	Pen drive		32gb,16gb,8gb, 4gb, 2gb		
1	Videocámara	Sony Digital			
1	Reproductor de dvd y video VHS				
1	Cañón de video	Epson			
4	Cañón de video	Acer			
1	Cañón de vídeo	Optoma			

1	Cañón de vídeo	benq	
1	Proyector de transparencias		
1	Cámara digital	Lumnix-Panasonic	
1	Cámara de vídeo	Lumnix-Panasonic	
4	Tablets	BQ Edison de 16 gb	
6	Tablets	Samsung galaxy 10"	
3	Readers Sony	Digital book reader PRST1	
2	Reader kindle		

Adquisicións e actuacións durante o presente curso.

Durante o presente curso realizáronse diversas compras de material audiovisual e informático destinado ao uso dos alumnos e o profesorado.

Material non inventariable ou funxible

. 3 licencias do antivirus Kaspersky.

Utilización dos medios informáticos.

A utilización dos medios informáticos foi boa. Os alumnos de infantil, 1, 2º e 3º ciclo dispuxeron de 2 horas á semana para a utilización da sala de informática e outra hora semanal para a utilización da sala con pizarra dixital.

Valorando de forma xeral os obxectivos propostos no plan TIC, cremos que se contribuíu dunha forma significativa e funcional á consecución destes obxectivos propostos para este ano, así como o fomento e desenvolvemento da competencia dixital nos nosos alumnos. Preténdese seguir traballando con esta competencia en anos vindeiros.

No plan de TIC para o curso 2021/22 tamén se alcanzaron os seguintes obxectivos:

- Mantemento do sistema operativo en varios equipos.
- Instalación do antivirus Kaspersky no ordenador de dirección, biblioteca e portátil da sala de profesores.
- Actualización e fomento da páxina web do centro.
- Mantemento do blog da biblioteca.
- Recompilación de recursos educativos on-line.
- Preparación e posta a punto da aula de audiovisuais.
- Configuración da rede wirelees.
- Inventariado dos medios informáticos e audiovisuais do centro.
- Divulgación dos horarios de ocupación das aulas de informática e lousa dixital.

- Baixa de equipos obsoletos.
- Compra e reutilización de material.
- Mantemento dos equipos das aulas de informática.
- Asesoramento a ciclos.
- Avaliación deste plan.

Principais problemas detectados.

A continuación enuméranse os principais problemas detectados no uso das novas tecnoloxías:

- Problemas cos equipos da aula de informática

- A aula de informática ten moitas carencias e equipos vellos.
- Son ordenadores obsoletos, para un montón de novas aplicacións.
- Problemas de acceso a internet:
- A conexión a internet é insuficiente para tantos ordenadores.

Propostas para próximos cursos.

- Medidas para mellorar o uso das aulas de informática
- Establecer unhas normas de uso das diferentes salas.
- Continuar instalando antivirus de pagamento na maioría dos ordenadores.
- Medidas para mellorar o uso das aulas de audiovisuais
- Adquirir asentos de maior calidade.
- Medidas para potenciar o uso das aulas de ordenadores e audiovisuais polos profesores e alumnos.
- Informar das posibilidades de uso da aula de audiovisuais. Facer unha demostración a principio de curso.
- Extender a rede de internet a través de cableado.
- Promover grupos de traballo ou seminarios.
- Informar con detalle ao claustro de profesores a principio de curso sobre as características, dispoñibilidade, modo de utilización e normas das aulas de informática e audiovisuais.
- Informar sobre programas e material dispoñible. Levar unha lista actualizada destes.
- Informar con detalle ao claustro de profesores a principio de curso sobre as características da páxina web do centro.
- Dedicar unha hora cada 2 semanas polo responsable de TIC para atención a problemas presentados por profesores á hora de utilizar as tecnoloxías da informática e a comunicación.
- Medidas para potenciar e actualizar os contidos da páxina web e o blog.
- Conseguir un equipo de 3 ou 4 profesores cuns coñecementos mínimos de informática para actualizar os contidos da páxina web e desenvolver o intranet.
- Melloras para o funcionamento do centro

- Potenciar a páxina web do centro con contidos útiles e de calidade e mellorando o seu formato e prestacións e facéndoa máis atractiva.
 - Pedir as programacións e demais documentos que deban presentar os ciclos en formato electrónico para publicalos na páxina Web.
 - Publicar eventos, normas e calquera outra noticia que afecte á globalidade do centro na páxina en internet.
 - Coordinarse ca Dirección para os asuntos a publicar na páxina web.
 - Facer un inventario dos recursos audiovisuais e de software.
 - Darlle máis uso a aplicacións coma o abalarmóbil, aula virtual do centro...
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC. Non dispoñemos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE:**

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS
-------	--------	------------

		Primaria	E.S.O.	Bac.	F.P.	Post sec.
A. Liderado	👤 Equipo Directivo	3.3				
	👤 Profesorado	3.9				
	👤 Alumnado					
B. Colaboración e redes	👤 Equipo Directivo	3.7				
	👤 Profesorado	3.3				
	👤 Alumnado	3.6				
C. Infraestructuras e equipos	👤 Equipo Directivo	3.7				
	👤 Profesorado	2.9				
	👤 Alumnado	4.3				
D. Desenvolvemento profesional continuo	👤 Equipo Directivo	4				
	👤 Profesorado	3.8				
	👤 Alumnado					
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👤 Equipo Directivo	4				
	👤 Profesorado	4.3				
	👤 Alumnado					
F. Pedagogía: Implementación na aula	👤 Equipo Directivo	3.2				
	👤 Profesorado	3.2				
	👤 Alumnado	3.5				
G. Prácticas de avaliación	👤 Equipo Directivo	3				
	👤 Profesorado	3				
	👤 Alumnado					
H. Competencias dixitais do alumnado	👤 Equipo Directivo	3.8				
	👤 Profesorado	3.4				
	👤 Alumnado	4.1				

•**Test CDD:**

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	6	66.7%
PROVISIONAL			
INTERINO	2	3	66.7%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
47.3	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	47.7	Explorador/a (A2)	66.2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	47	Explorador/a (A2)	77.3	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P.				

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante neste nivel
A1		
A2	7	100%
B1		
B2		
C1		
C2		
TOTAL	7	100%

• **Outras fontes:**

- . Análise cualitativa e cuantitativa a partires do informe selfie e do test CDD.
- . Dinámica dos “ 3 porqués”.
- . Videoconferencias relatadas polo noso mentor que nos asesorou e nos proporcionou documentación para a realización do mesmo.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
-----------------	-------------------	--------------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. Existe un bo equipamento no noso centro. C2. O centro conta con suficientes dispositivos dixitais.	C7. Discrepancia á hora de ter unha protección de datos efectiva.
	PERSOAL DOCENTE	E1. Existe unha diversidade ampla de recursos dixitais educativos. E4. Presentamos unha boa comunicación entre toda a comunidade educativa.	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	F4. O alumnado implícase no proceso de ensino aprendizaxe aínda que esta práctica podería mellorar.	H7. Escasa creación de contidos por parte do alumnado.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO		A2. Existe certa discrepancia na estratexia dixital.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
----------	---------------	---------

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		C3.O alumnado considera que o acceso a internet é o axeitado, mentres co profesorado discrepa neste punto.
	LEXISLACIÓN		C7. Descoñecemento no relativo á protección de datos.
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Para elaborar o Plan de Acción seguimos os seguintes pasos:

- Seleccionamos obxectivos a partir do DAFO. Obxectivos que teñen que ser medibles, específicos, alcanzables, relevantes e definidos no tempo. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora.
- Temos que concretar ata onde queremos chegar con cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información a reportarán os indicadores e os valores de partida e de chegada.
- Para lograr os obxectivos debemos concretar accións que os desenvolvan, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporalización, determinar os recursos necesarios e valorar o seu cumprimento facendo un seguimento do estado.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: D: Desenvolvemento Profesional continuo						
1	OBXECTIVO (1):	Incrementar o coñecemento da estratexia e competencia dixital.			Acadado	
	RESPONSABLE:	Responsable TICs			Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Mellorar un 50% a estratexia dixital do profesorado e alumnado.				
	Valor de partida (3)	Un 25% fai uso dos recursos dixitais.				
	Valor previsto e data (4)	O 75% acade un coñecemento axeitado dos recursos dixitais.	30/6/23			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Petición dun PFPP cunha liña en competencia dixital	Dirección	22/12/22	PERSOAL CUALIFICADO		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Programación actividades de investigación a través das TICs	Titor- profesor área	30/6/23	Pizarras dixitais, portátiles e tablets.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Fomento do uso das TICs no tempo libre de	Titor- profesor área	30/6/23	Portátiles e tablets		Realizada	
					Aprazada	

forma segura e controlada					Pendente
---------------------------	--	--	--	--	----------

18

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: A: Liderado.					
1	OBXECTIVO (1):	Sensibilizar a toda a comunidade educativa acerca da protección de datos			Acadado
	RESPONSABLE:	Responsable TICs			Non acadado
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A comunidade educativa coñeza as vantaxes da protección de datos e o seu uso nas redes sociais acadando un 50%.			
	Valor de partida (3)	O 15% da comunidade educativa ten coñecemento sobre a protección de datos.			
	Valor previsto e data (4)	Ese coñecemento se amplíe o 50%	30/6/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)

AO2.1: Logro de charlas informativas ó alumnado	Profesorado	22/12/2022	Profesorado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.2: Dotación de charlas informativas ó profesorado	Dirección	22/12/2022	Persoal cualificado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.3: Dotación de charlas informativas a nais, pais e titores legais	Dirección	30/06/2023	Profesorado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: C: Infraestructuras e equipos			
1	OBXECTIVO (1):	Actualizar os dispositivos dixitais da aula de informática.	Acadado
	RESPONSABLE:	Equipo TICs	Non acadado
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Conseguir que o 50% dos equipos obsoletos con pouca capacidade de memoria sexan subsanados.	
	Valor de partida (3)	O 75% dos equipos teñen pouca capacidade de memoria.	

Valor previsto e data (4)	O 50% dos equipos sexan subsanados.			30/6/23	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Inventario de equipos informáticos obsoletos	Equipo TICs	30/09/23	Profesorado do centro		
AO3.2: Seleccionar os equipos máis obsoletos para poder traballar optimamente con eles	Equipo TICs	22/12/22	Profesorado do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Dotar de discos duros e ampliación de memoria os equipos seleccionados	Equipo TICs e dirección do centro	31/03/23	Persoal cualificado		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.4: Facer unha segunda selección de cara o vindeiro curso	Equipo TICs	30/06/23	Profesorado do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

Para a avaliación do Plan Dixital teranse en conta os seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual**, que se realizará como mínimo unha vez ao trimestre e se terán en conta as datas previstas no plan de acción, os aspectos a valorar serán:

- O estado da execución das accións.
- A análise, estado e valoración dos resultados, tendo en conta as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** que se realizará como mínimo unha vez ao ano, os aspectos a valorar serán:

- A valoración do logro dos obxectivos.
- As propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do centro difundirase a toda a comunidade educativa a través da páxina web do colexio, do blogue da biblioteca, así coma a través do bloque da ANPA para dar a máxima difusión posible.